

Identidade, identificación e relato sobre Galicia como nación

Ramón López-Facal
Universidade de Santiago de Compostela
Grupo de Investigación RODA

1. Identidades e procesos de identificación

As identidades non teñen existencia material, senón ideal ou discursiva. Temos existencia material as persoas, e as persoas identificámonos con outras persoas e compartimos ideas con elas, pensamos e asumimos identidades. Mais, aínda non tendo entidade material, si teñen existencia real, en tanto que inflúen e condicionan os comportamentos de quen as aceptan ou rexeitan.

Na investigación social existe certo consenso en que as identidades son unha construción social froito dunha aprendizaxe. Asumir unha identidade común oculta a diversidade social que pode resultar conflitiva; e facilita a solidariedade con persoas anónimas ou descoñecidas. A identificación realízase a partir de elementos compartidos, sexan materiais, como o territorio ou a paisaxe, e inmateriais como algunhas crenzas, a lingua ou as interpretacións sobre o pasado, presente e perspectivas de futuro. Un conxunto de percepcións que teñen un compoñente emocional.

As identidades permiten cohesionar un colectivo de persoas con intereses individuais diversos, ao tempo que proxectan as diferenzas e, potencialmente o conflito, cara aqueles cos que non nos identificamos: considerámonos “idénticos” (compartimos sentimentos comúns) fronte a outros. Noutras palabras, defínense por oposición. Mesmo as identidades supostamente universais, que pretenden abranguer toda a humanidade, implican oposición con aqueles aos non se lles recoñece o carácter de humano. De aí que, un dos recursos retóricos habituais en confrontacións extremas, pase pola deshumanización dos outros, asimilándoos a seres considerados desprezables como porcos ou ratas (López Sáñez, Sáiz & López Facal).

2. A nación como construción política

No pasado, en moitas sociedades rurais e non só en Galicia, as persoas identificábanse en primeiro lugar coa súa comunidade local (a aldea, a parroquia) fronte ás veciñas. En segundo lugar, e puntualmente, cos que compartían os mesmos lazos de dependencia ou submisión (señor, monarca) que implicaban obrigas similares e partilladas; e, en terceiro lugar, cunha identidade relixiosa de carácter pretendidamente universal: cristiáns e católicos, fronte a “herexes”, xudeus, musulmáns ou pagáns.

O concepto de nación como identidade política é un fenómeno contemporáneo, que naceu en relación coas revolucións liberais de finais do século XVIII e foi estendéndose por todo o mundo durante os séculos XIX e XX. A súa emerxencia en Europa e, posteriormente dos Estados nacionais, fixo posible o establecemento de consensos sociais que, dunha banda contribuíron a superar os particularismos locais e, doutra, racharon coas vellas lealdades político-relixiosas propias das sociedades agrarias da Europa do Antigo Réxime.

Os sentimentos e crenzas dominantes que conforman as identidades naceron en determinados contextos, habitualmente entre minorías intelectuais e, nalgúns casos, lograron estenderse ao conxunto da sociedade e facerse hexemónicos (Gellner). Porén non se orixinaron por xeración espontánea, senón que contaron con antecedentes (Beramendi 2007). Precedentes que se teñen interpretado posteriormente desde perspectivas nacionalistas como sentimentos “pre-nacionais” (Chacón), é dicir, atribuíndolles un carácter ideolóxico que anticiparía a eclosión posterior dos

nacionalismos, mais que os historiadores prefiren considerar como “proto-nacionalistas” (Hobsbawm) porque valoran esa intencionalidade ou carácter político como un anacronismo.

Pode considerarse que unha nación adquire existencia política cando unha parte maioritaria da sociedade a asume como realidade política indiscutible (Máiz 1996).

3. As explicacións nacionalistas sobre as nacións

Desde o século XIX, os nacionalistas, con independencia do seu referente nacional, adoitan considerar as nacións como entidades obxectivas ou naturais, anteriores aos procesos de construción promovidos por intelectuais e políticos. Os discursos nacionalistas xeneralizan a idea de nación como unha evidencia indiscutible, que debe ser aceptada. Segundo esta perspectiva as nación constitúense formalmente como resultado da consolidación de elementos presentes desde a antigüidade. Estes discursos apelan aos sentimentos, ás emocións e, gardan semellanzas coas narracións relixiosas, con precursores que anticipan a parusía final da comunidade política.

Este discurso-tipo ou narrativa mestra, é aplicable á maioría dos nacionalismos, non só aos ibéricos. No caso que nos afecta, existe un grande paralelismo entre o discurso nacionalista español e o galego, que se desenvolveron en tempos cronoloxicamente moi próximos. Dous dos referentes intelectuais foron Modesto Lafuente no caso do nacionalismo español, coa *Historia General de España* (1850-1867) e Manuel Murguía, para o nacionalismo galego, coa súa *Historia de Galicia* (1865-1913). Ambos apelan a elementos histórico-organicistas especulares. Unhas orixes míticas da nación forxada na resistencia fronte á conquista romana: iberos no caso español, celtas en Galicia; unha suposta unidade política fundacional tras a desaparición do Imperio Romano cos visigodos para a nación española e cos suevos para a galega; un lento proceso de consolidación na idade media fronte Al Andalus. Nas narrativas mestras, española e galega, valóranse de maneira positiva ou negativa as etapas e acontecementos do pasado en función do maior grado de centralización, ou de hexemonía política e cultural desde Castela como fitos na construción nacional, como progreso para o nacionalismo español ou retroceso para o galego. Destaca nesta interpretación especular o papel atribuído á monarquía dos Reis Católicos e os Austrias, culminación da unidade nacional española fronte a inicio dos “séculos escuros” para a nación galega (López-Facal).

Todo discurso nacionalista busca aspectos comúns no colectivo que se asume como propio, fronte a oposición ou exclusión doutros. No caso da narrativa nacional española os “outros” que permitían construír a identidade nacional foron mudando. principalmente os “mouros” para explicar a construción nacional na Idade Media, e ingleses e franceses noutros, momentos históricos; e mesmo os norteamericanos, a raíz da confrontación imperialista de finais do século XIX. Durante o franquismo, ademais dos “inimigos” tradicionais ou históricos incorporouse ao imaxinario o “inimigo” ruso – comunista– que facilitou, posteriormente a reformulación da identidade nacional española, noutra común “occidental” que, na etapa da Transición, achandou o camiño para compatibilizar as identidades española e europea, limitada esta á Unión Europea.

Ramón Máiz (2005) ten realizado unha interesante análise sobre os discursos cos que se foi construíndo a idea de Galicia desde o século XIX, como unha identidade contraposta a Castela ou en oposición a España. Aportacións relevantes ao discurso nacionalista foron as de Murguía, Galicia-Castela; Brañas que concibe Galicia como antítese do Estado centralista; Risco que sitúa a Galicia fronte ao “Estado castellano”; Castelao que presenta a Galicia diferente e contraposta a Castela; e nas décadas finais do século XX, de X. M. Beiras que destacou o antagonismo entre Galicia e Castela unhas veces, con España, noutras; ou Francisco Rodríguez para o que a contradición é sempre nación galega fronte á española. Nesa análise pódese constatar a continuidade

dunhas contraposicións nas que as diferencias son únicamente de énfase ou matiz ao longo do último século.

No caso da narrativa nacionalista galega, a oposición principal centrouse Galicia fronte a Castela ou España, nun proceso similar ao dos discursos nacionalistas catalán e vasco. A única variable, orixinal do discurso nacionalista galego, e non especular a respecto do nacionalismo español, é a incorporación ao imaxinario da integración de Portugal como un referente de oposición a España e Castela. Esta referencia está presente desde as *Irmandades da Fala*, e o Partido Galeguista de Risco ao *Sempre en Galiza* de Castelao, manténdose vivo no século XXI. Portugal confórtese como imaxe contraposta á influencia española/castelá, mais esta identificación non é correspondida alén Miño. En Portugal existe un sentimento nacionalista amplamente compartido pola maioría da poboación, en maior grao que en España. O seu mito fundacional xira en torno á figura de Afonso Henriques, que “proclamou a independencia” fronte a España/Castela, combatendo a influencia “estranxeira” da nobreza galega, “española”, na mitoloxía histórica portuguesa. De aí que para o imaxinario nacionalista portugués resulte incomprendible, e dificilmente asimilable, esa saudade romántica expresada polos nacionalistas galegos, para eles “españóis”, por recuperar unha idealizada identidade común perdida hai mil anos, cando o condado portucalense, que apenas superaba o río Mondego, adoptou o nome de reino. Galicia é para o común dos portugueses unicamente unha rexión española. Aos nacionalistas galegos, pola súa banda, prodúcelles un fondo desacougo esta falta de reciprocidade, porque non poden aceptar seren considerados polo nacionalismo portugués como parte de ese outro, España, contra o que xustifican a súa existencia como nación.

4. Galicia: sólidos elementos identitarios obxectivos

En Galicia poden identificarse marcadas diferenzas étnico-culturais a respecto do resto de España. Un espazo xeográfico relativamente homoxéneo, con paisaxes que contan con trazos comúns, e que son percibidas como singulares dentro e fóra do país. No imaxinario de moitos españois, aínda na actualidade, enténdese Galicia como un territorio marcadamente diferenciado. O sistema de serras orientais que constitúen os límites actuais de Galicia con León e Zamora seguen dificultado aínda hoxe as comunicacións. E mesmo fóra de Galicia se resalta ese carácter periférico, externo, do territorio galaico cando os proxectos de construción de infraestruturas para conectar co interior da península se denominan “accesos a Galicia.” A mirada dos outros é un potente factor na construción das identidades. A percepción das paisaxes como homoxéneas e diferentes ás do resto da península é froito dunha simplificación, dos lentes ideolóxicos cos que se miran, mais están baseados en elementos materiais obxectivos. Existen aspectos físicos relativamente homoxéneos: desde o punto de vista xeomorfolóxico todo o occidente peninsular é parte dunha formación paleozoica herciniana, moi fragmentada e erosionada en vales e pequenas chairas interiores, na que predominan granitos e xistos. Estas rochas deron lugar a solos relativamente ácidos que favoreceron un tipo de vexetación bastante similar no conxunto de Galicia e diferente dos das grandes áreas sedimentarias e das formacións calcarias que predominan no resto de España. A diversidade climática sitúase nun reducido espectro de variedades meteorolóxicas temperadas-húmidas, con marcada influencia atlántica que facilita o crecemento de dunha abundosa vexetación que cubre o país, con certos endemismos e malia as fragas tradicionais estaren case desaparecidas hoxe pola masiva plantación de eucaliptos. A distribución tradicional da poboación en pequenas aldeas dispersas, hoxe en risco de desaparición; a memoria compartida por xeracións dos grandes éxodos migratorios que espallaron polo mundo centos de miles de galegos e de saudades; a pervivencia de tradicións, relacionadas coas prácticas e vivencias da vida rural na que,

até hai 50 anos, convivía á maior parte da poboación; ter compartido reiteradamente e durante séculos ciclos económicos diferenciados a respecto doutros territorios peninsulares, como a expansión da produción agraria do século XII, ou os asociados á introdución do cultivo do millo e da pataca nos séculos XVII-XVIII; as sucesivas crises de subsistencias; e tantos outros procesos que afectaron a gran parte da poboación de Galicia de maneira específica. E, probablemente, o trazo diferencial máis relevante: a pervivencia dunha lingua común, con menores variantes internas que noutras linguas peninsulares; lingua que afirma comprender o 99,3% da poboación; falar con fluidez o 88,7%; ler o 87,6% e declara escribir correctamente o 63,7% (Centro de Investigaciones Sociológicas: CIS, 2016). Porcentaxes que son superiores ás de Cataluña e o País Vasco.

Estes aspectos semellarían alicerces sobre os que erguer unha sólida identidade política nacional: unha lingua milenaria e viva entre gran parte da poboación; formas de vida, costumes e tradicións; historia compartida sobre un territorio que os naturais e os de fóra perciben como homoxéneo e diferenciado. Porén a existencia de factores obxectivos non ten desembocado en que a maioría da sociedade galega considere que Galicia é unha realidade política indiscutible. Probablemente nunca antes houbo tantas persoas que consideran que Galicia é unha nación, a súa nación. Mais segue a ser unha porcentaxe moi minoritaria. E moito menor, comparativamente, que en Cataluña e o País Vasco, nos que os factores obxectivos son máis febles, mais o sentimento nacional(ista) é moito máis amplo.

5. Galicia: débil identificación política nacionalista

Os últimos datos sobre os sentimentos de pertenza, as actitudes políticas e as perspectivas electorais ás que tivemos acceso, elaborados polo CIS recolléronse na enquisa posterior ás eleccións autonómicas de Galicia de 2016 (CIS). Os resultados mostran un limitado sentimento nacionalista, tal como se ven reflectindo tamén nos resultados electorais: o 24,9%, menos dun terzo, das persoas entrevistadas considéranse nacionalistas, fronte ao 70,2% que non se consideran así. Porén, cando se lles pide que manifesten a súa identificación como nacionalistas, nunha escala (de 1, mínimo a 10, máximo) a porcentaxe dos que se sitúan en 8 (5,7%), 9 (1,2%) ou 10 (2,2%), é dicir, os que se consideran bastante ou moi nacionalistas, non alcanza o 12%. O 18,8% séntense máis galegos que españois e só un 4% unicamente galegos. A porcentaxe dos que preferirían un único goberno central, sen autonomías, é do 11,1% fronte ao 4,4% daqueles que desexarían que se recoñecese o dereito de autodeterminación (“un Estado en el que se reconociese a las comunidades autónomas la posibilidad de convertirse en estados independientes”) o que non implica, necesariamente, que todos estes sexan independentistas. E cando se lles pide que se definan politicamente entre as seguintes opcións: *conservador, demócrata-cristián, liberal, progresista, socialdemócrata, socialista, comunista, nacionalista, ecoloxista, outras respostas, apolítico*; optan por definirse como nacionalistas o 3,4% en primeira opción, ao que hai que sumar un 1,9% que o declaran en segunda opción. É dicir, un un 5,3%. Datos que matizan, ese 24,9% que de maneira xenérica se declara “nacionalistas” nunha pregunta previa. As opcións nacionalistas están bastante lonxe de conseguir a hexemonía social que sería necesaria para poder construír un Estado, obxectivo estratéxico dos movementos nacionalistas desde o século XVIII.

Nos sucesivos estudos de opinión do CIS vense poñendo de manifesto a estabilidade da posición maioritaria entre a poboación de Galicia, que expresa sentirse tan galega como española (68,8%) e partidaria dun Estado con comunidades autónomas como na actualidade (55%) ou, en segundo lugar, que se incremente o grao de autonomía (16%).

A situación do nacionalismo galego que reflicten estes estudos mostra o que Ramón Máiz (1996, 1) denominou “un peculiar déficit político-institucional” con “patente disimilitud frente al País Vasco o Cataluña.” Ese contraste poderíamos resumilo dicindo que en Galicia poden identificarse un conxunto de elementos obxectivos sobre os que asentar a idea de nación, como son as meirandes porcentaxes de falantes da lingua propia, mais sobre esa base obxectiva non se ten desenvolvido, na mesma medida, un sentimento de pertenza que corresponda a opcións políticas nacionalistas.

6. A ausente memoria histórica de autogoberno e o relato sobre a nación en Galicia

Os nacionalistas galegos non teñen logrado un amplo respaldo social aos seus proxectos políticos, malia gran parte da poboación de Galicia, mesmo os que non se identifican como nacionalistas, participaren e asumiren unha identidade como galegos baseada en elementos étnico-culturais, diferenciados do resto de España. Sería simplista atribuír este “fracaso”, ou falta de éxito, a unha soa causa determinante. Mais cómpre destacar como un dos motivos potenciais, a dificultade para lograr a identificación de gran parte da poboación con precedentes históricos, reais ou míticos. Noutras palabras, a ausencia dun relato sobre a historia de Galicia, amplamente compartido. Cómpre asimesmo salientar a actitude das elites políticas e económicas galegas, durante máis dun século, moi refractaria a asumir un discurso nacional galego.

As ideoloxías nacionalistas, histórico-organicistas, precisaron para xustificarse da historia como un dos alicerces da súa etnicidade. A reclamación da soberanía realizouse máis como unha recuperación de prácticas, institucións e dereitos orixinarios “perdidos” antes que como un proxecto de futuro. Como apunta Schulze, pretendíase que

Junto a la lengua era la historia la que formaba una nación popular: el destino común que unificaba a un pueblo desde los comienzos más tempranos de la tradición y ligaba la nación con un lazo inseparable. La nación se legitimaba a través de su historia. La revolución, la guerra y la violencia contra todos los que no querían pertenecer a la nación o se oponían a sus esfuerzos unificadores: todo parecía justificado cuando la nación podía invocar el sagrado derecho antiguo, y ello, todavía más cuanto menos dispusiera la nación de instituciones consolidadas (Schulze, 140).

Neste sentido, resultan significativos discursos como o do dirixente nacionalista serbio, Ilija Garasânin, de 1844:

Pues nuestro presente no será sin vínculo con el pasado, sino que ambos (pasado y presente) representarán un todo coherente, integrado, basado, en uno y otro, sobre el que se halla el pueblo serbio, su nacionalidad y su vida estatal, bajo la protección del sagrado derecho histórico. No se puede reprochar a nuestro afán que sea algo nuevo, infundado, que sea revolución y subversión, sino que todos deben reconocer que es políticamente necesario, que fue fundado en un tiempo muy antiguo y tiene sus raíces en la vida estatal y nacional histórica de los serbios... (*apud* Schulze, 140).

Apelar a dereitos históricos é unha constante desde o século XIX. Tamén no nacionalismo español

[...] a batalla pola verosimilitude dos precedentes decídese case sempre a favor do concreto, é dicir, a favor do historicismo tradicionalista. De aquí o afán dos reformistas por achar un compromiso tamén neste eido. De aquí o resignado consello de Jovellanos a Marina en 1808: “para sacar de ellos (los gobernantes) algún partido, convendría argüirles no tanto con razonamientos como con los hechos de la Historia” (Beramendi 1992, 126).

Justo Beramendi na súa monumental obra sobre as orixes e evolución do nacionalismo galego, sinala como desde os primeiros anos do século XIX comezou a elaborarse en Cataluña un discurso historiográfico catalanista, a partir da obra de Prosper de Bofarull (*Los condes de Barcelona vindicados*, 1836) e nos volumes dedicados a Cataluña, escritos por Pablo Piferrer (*Recuerdos y bellezas de España*, 1839), que “esbozan xa a sucesión de fitos nacionais que logo será típica do nacionalismo catalán, *ontze de septembre* incluído” (Beramendi 2007, 63).

No País Vasco, Sabino Arana formulou un discurso, aínda máis mítico, sobre a pretendida “independencia vasca” ancestral que acabaría por lograr un amplo recoñecemento nos territorios vascos. O elemento clave deste relato foi a defensa do foralismo, como elemento diferencial, xustificado nas súas supostas orixes históricas. A soberanía da *Euzkadi* sabiniana baseábase na defensa de “Deus e a lei antiga”, é dicir, nun catolicismo integrista anti-liberal e na súa suposta independencia, anterior ao Estado español, da que os foros serían a proba. O integrismo católico enlazaba co pensamento absolutista do carlismo no que militara Arana, enfrontado ao liberalismo xacobino empeñado na construción do Estado centralista español. As ideoloxías nacionalistas consideran a historia, xunto coa lingua, como as dimensións esenciais da etnicidade, e a etnicidade como fundamento lexitimador dos proxectos políticos.

No caso de Galicia non existe unha memoria histórica maioritariamente compartida sobre a que fundamentar arelas de autogoberno. A precoz inserción dos territorios e institucións na mesma monarquía hispánica que León e Castela, e a incorporación das elites galegas nos proxectos políticos dos monarcas casteláns, constitúen un obstáculo para poder imaxinar unha situación de independencia primixenia.

No século XIX, en Galicia, como no conxunto de España, os enfrontamentos ideolóxicos xiraron en torno ás opcións liberais e absolutistas, non sobre demandas de autogoberno a respecto dun Estado que as elites galegas sentían como propio. Nas Cortes de Cádiz (1810-1814) houbo deputados cataláns, vascos e valencianos que reclamaron a salvagarda de institucións propias nos seus territorios, fronte ao modelo centralista de Estado que se acabou impondo. Os deputados galegos non levaron ningún mandato neste sentido, senón que, pola contra, a Xunta de Galicia declaraba “las rectas intenciones que animan a esta Junta, representante del Reino de Galicia, el que vivirá siempre unido al cuerpo entero de la Nación” (*apud* Beramendi 2007, 66).

En Galicia non existira nada parecido á *Generalitat* suprimida por Filipe V en 1716. Unha circunstancia histórica que nese caso permitiu que se presentase como “recuperación”, cando, coa proclamación da II República española en 1931, se buscou unha solución para ao autogoberno de Cataluña que dese satisfacción a dous sentimentos nacionais, dous nacionalismos, para poder partillar a nova lexitimidade democrática republicana.

Tampouco existía en Galicia a reivindicación dun foralismo que, a partir da obra de Sabino Arana, *Bizcaya por su independencia* (1892), fixo posible a difusión dunha ideoloxía, cos seus argumentos sobre a independencia orixinaria, míticas batallas

vitoriosas, e nobreza universal de biscaíños e guipuscoanos baseada na limpeza de sangue que xustificaban a recuperación de institucións que viñan de “tempo inmemorial.”

En 1838, J. Vereá e Aguiar, publicou a súa *Historia de Galicia*. Foi a primeira obra que recolle o mito celtista, posiblemente por influencia da historiografía romántica francesa. Vereá abandona as anteriores explicacións míticas sobre as orixes heroicas dos galegos dos séculos precedentes, vinculadas a orixes bíblicas, así Noía fundada por Noé ou polo seu fillo Túbal; ou grecolatinas, como a que Teucro fose o fundador de Pontevedra, tan do gusto dos intelectuais clasicistas desde o Renacemento. Con Vereá, o romanticismo historiográfico abriuse paso fronte ao neoclasicismo grecolatino.

En 1849, Martínez Padín na súa *Historia de Galicia: Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia*, reproduce en gran medida a Vereá, introducindo, por vez primeira, a reivindicación do reino svevo na conformación da identidade galega. Benito Vicetto publicou a *Historia de Galicia* (1865-1873) para “dotar a Galicia de una narración correlativa y cronológica de los sucesos que constituyeron su vida.” Froito da súa exaltada imaxinación romántica, e despreocupado de calquera aparencia de rigor, aportou en cambio unha nova perspectiva ao converter ao pobo galego no suxeito e protagonista da súa historia, por diante de monarcas ou nobres: os heroes son vasalos, burgueses e liberais fronte ao clero, á aristocracia ou aos absolutistas. Con todo, fai unha excepción no caso do Mariscal Pardo de Cela ao que reivindica como símbolo da resistencia galega fronte á monarquía dos Reis Católicos. Esta mitificación foi desprezada posteriormente por Murguía mais fíxose popular na mitoloxía nacionalista do século XX: “caudillo heroico cuyos hechos gloriosos le acusan como enxebre descendiente de los antiguos celta” (González *apud* Fernández Pacios, 1). Un discurso difundido máis desde a literatura que desde a historiografía: foi recollido, entre outros, por Ramón Cabanillas, ou por Castelao en *Alba de Gloria*. E parece seguir vivo nas páxinas de *Terra e Tempo*, o periódico noutro tempo órgano oficial da UPG, dependente agora da fundación *Bautista Álvarez* do BNG: “Non podemos dicir que Pardo de Cela fose un nacionalista, pero si podemos dicir que loitaba pola independencia de Galiza” (Fernández Pacios). Resulta pouco probable que, no século XXI, poida promoverse con éxito un relato histórico sobre a nación baseado en mitos románticos cuestionados polos historiadores profesionais, e pouco coñecidos pola maioría da poboación, e que chegue a ser asumido de maneira maioritaria.

Murguía elaborou un discurso historiográfico para lexitimar a idea de Galicia como nación. A historia de Galicia era para el a historia do “rexionalismo” galego. A súa obra (1865-1913) ten unha notable solidez tendo en conta o contexto intelectual. As correntes historiográficas do seu tempo asumían o esencialismo histórico-organicista como fundamento da nacionalidade: raza, lingua, carácter, organización civil e relixiosa, economía, xeografía e historia. A súa narración está moi distante do fantasioso relato sabiniano ou do de Vicetto. Critica a Martínez Padín e a Vicetto, malia a súa proximidade ideolóxica. O suxeito histórico é tamén para Murguía o pobo galego. Reivindica o pasado para comprender o presente; para el a historia é “pura esencia reivindicadora.” Murguía asume que o historiador ten que basearse en datos, no uso de fontes orixinais, mais non cre na imparcialidade histórica. Considera que o historiador pode interpretarlos libremente e actúa en consecuencia.

Murguía foi o referente intelectual para a xeración *Nós*. Os intelectuais nacionalistas, desde as *Irmandades da Fala* (1916-1931) até os que se integraron posteriormente no Partido Galeguista fundado en 1931 tras a proclamación da II República, asumiron que a cultura galega era a expresión do espírito nacional, alén calquera organización ou vontade política. Unha cultura integrada por aspectos

históricos, etnográficos, xeográficos e xeolóxicos que levou a ampliar os obxectos de estudo do grupo *Nós*, dedicando gran parte do seu esforzo a un inxente labor de investigación sobre etnografía e folclore, xeografía e prehistoria, protagonizada polo *Seminario de Estudos Galegos* (1923-1936).

A capacidade de influencia real entre a poboación do Partido Galeguista (PG) durante a Segunda República foi porén reducida. Foron incapaces de mobilizar a unha poboación maioritariamente rural, idealizada como depositaria das esencia patrias, mais con elevadas taxas de analfabetismo e afeita a prácticas clientelares baseadas en relacións de dependencia persoal. O galeguismo desprezou os novos movementos sociais, as reivindicacións obreiras, nin sequera tivo en conta a importancia das transformacións urbanas modernizadoras que consideraban, con hostilidade, alleos á unha Galicia que identificaban co mundo rural tradicional.

A oportunidade de consolidarse e incrementar a súa influencia social emerxeu coa reivindicación a prol do Estatuto de Autonomía, que se ben significou a escisión do sector vinculado ao tradicionalismo católico, contribuíu a incrementar a popularidade de figuras como Castelao e a ampliar a súa base social de apoio. O éxito da campaña polo Estatuto de Autonomía resulta dificilmente atribuíble unicamente á capacidade mobilizadora dun PG que obtivera apenas 3 dos 19 deputados nas eleccións dese mesmo ano, 1936. Nin as elites políticas, nin as organizacións sociais, como sindicatos e asociacións agrarias, asumiron o relato nacionalizador. Mais a mobilización autonomista de 1936 semellaba ser a oportunidade de consolidar unha alternativa nacionalista cun respaldo social considerable, e con perspectivas de ampliarse no futuro. Unha oportunidade demasiado fugaz, brutalmente tronzada pola represión fascista.

A diferenza do acontecido en Cataluña e no País Vasco, a cultura galeguista non tiña chamado no tecido social para permitir que, durante o franquismo, a resistencia no ámbito familiar ou relixioso facilitase en certa medida a transmisión inter-xeracional. A memoria histórica do nacionalismo quedou reducida a círculos moi limitados no ámbito da cultura, e ás minguantes comunidades do exterior que ían esmorecendo entre saudades e frustracións dun longuíssimo exilio.

Como é ben coñecido, o galeguismo interior, da man de Ramón Piñeiro, apostou por abandonar o traballo político e centrarse na acción cultural para transmitir a memoria da cultura galeguista ás novas xeracións. A singularidade do vello nacionalismo galego, até a formación de novas organizacións nos anos sesenta, foi que non utilizou o activismo cultural como complemento da acción política e organizativa, como aconteceu co PNV ou co catalanismo político, senón como unha alternativa á política. A escasa implantación real do galeguismo político, a súa fragmentación en, a dereita galeguista que colabora ou se acomoda ao réxime franquista, os dirixentes máis carismáticos no exilio desconectados do que acontecía no país, e os aterrorizados vellos militantes que tratan de sobrevivir ao terror, explican en gran medida a opción adoptada. O xiro cultural levou mesmo a evitar a súa identificación como nacionalistas, optando por considerar prioritario “galeguizar” o conxunto da sociedade, con algún efecto paradoxal. A perspectiva galeguizadora tivo o seu maior éxito na etapa post-franquista, cando o conxunto de forzas políticas, incluído o Partido Popular co exministro de Franco Manuel Fraga á cabeza, asumiu formalmente o galeguismo. Fraga incorpora o galeguismo como sinal da súa identidade partidaria subordinándoo ao nacionalismo español. O lema da campaña electoral que lle deu o triunfo en Galicia en 1981 foi o de “galego coma ti”, compatible con “España, lo único importante” da súa anterior campaña polo referendo constitucional de 1978.

O xiro cultural do galeguismo histórico foi cuestionado a partir dos anos sesenta do pasado século, cando comezaron a poñerse en marcha propostas de organizar as forzas

nacionalistas co heteroxéneo e efémero *Consello da Mocidade*, en 1963 e, case inmediatamente, coa fundación da UPG (1964). que marcou decisivamente desde aquela a evolución do nacionalismo galego. Influenciada nos primeiros anos polos movementos anticoloniais, desde 1972 adoptou formalmente o marxismo-leninismo postulándose como o auténtico partido comunista de Galicia. Foi pouco permeable a interpretacións marxistas alternativas ao leninismo: tanto no modelo organizativo, centralismo democrático no partido-vanguardia, subordinación dos movementos de masas ás directrices do partido, como no plano ideolóxico. A necesidade de definir unha identidade que fusionase marxismo-leninismo e nacionalismo levounos a declarar que a contradición principal en Galicia era a nacional, a que enfrontaba Galicia, proletaria e colonizada, fronte España colonialista e explotadora, nacionalismo galego fronte españolismo. Con todo, a UPG e as sucesivas organizacións que promoveu, mantiveron e manteñen unha posición ambigua sobre o dereito de autodeterminación, sen apoiar explicitamente a opción independentista. Unha indefinición herdeira da tradición histórica galeguista da que o BNG, é dicir a fronte na que concorre ás eleccións e promovida pola UPG, herdou tamén o vello discurso histórico nacional como fonte de lexitimidade.

A indefinición teórica a respecto da independencia, que habitualmente constitúe o horizonte político das organizacións nacionalistas noutros territorios, permítelle un grande pragmatismo e mesmo cambios de posición nas sucesivas confrontacións electorais: desde o rexeitamento frontal ao marco autonómico e as súas institucións, até centrarse posteriormente no traballo institucional no Parlamento ou nas Deputacións provinciais. De acordo á vella tradición das fronte populares dos anos 30, a organización frontista (BNG) foise adaptando as circunstancias e alianzas cambiantes, mentres que o partido-vanguardia non se sentiu obrigado a revisar os principios ideolóxicos de carácter interno.

Este pragmatismo contrasta con prácticas organizativas que provocaron sucesivas crises e expulsións de militantes críticos. Nas últimas décadas, para o BNG ven resultando máis doado establecer alianzas políticas nas institucións con forzas declaradamente españolistas, como o PSOE, que con outras forzas que nos seus programas inclúen obxectivos nacionais similares. Parece que a preocupación principal fose a de dilucidar a hexemonía no campo nacionalista antes que ampliar o apoio social a os obxectivos nacionais.

A débil fundamentación teórica do nacionalismo organizado en torno ao BNG, incluíndo a organizacións sindicais nacionalistas, véñse compensando coa defensa intransigente da ortodoxia ideolóxica militante. Unha dinámica política que enfronta ao propio fronte ao alleo parece non aceptar a pluralidade se non é desde a vella perspectiva leninista de subordinación á “verdadeira” vangarda. A dificultade para formular alternativas inclusivas constitúe, na miña opinión, un obstáculo para incrementar a influencia nacionalista na sociedade galega.

Nas sociedades están presentes innumerables intereses contraditorios, están integradas por millóns de individuos diferentes, son mestizas e plurais. As propostas políticas democráticas teñen que asumir a diversidade e a lexitimidade de opcións diferentes. A tentación dos nacionalismos en calquera lugar do mundo consiste en ocultar a diversidade detrás dunha construción mítica inmaterial, a nación, o pobo, da que se auto-erixen en intérpretes únicos. Cando se xustifica a acción política nos dereitos do pobo galego, de España ou da *America first* por parte de Trump, estase substituíndo a diversidade de intereses da xente por unha identidade imaxinaria. E para lograr de que esa idea sexa asumida por centos de miles ou millóns de persoas, precisase manter un estado permanente de tensión emocional, de axitación, de estrés

(Sloterdijk). Temores que os medios de comunicación se encargan de difundir cada día para subordinar os diferentes intereses individuais a unha preocupación común partillada: “nós” fronte aos “outros”, ao perigo, ao inimigo. Mais algúns nacionalismos, como o galego, teñen serias limitacións para poder manter esta tensión social ante a escasa incidencia nos medios. A axitación nas redes sociais de militantes nacionalistas parecen orientadas máis a manter a cohesión interna, a denunciar ou tratar de neutralizar posibles competidores electorais, que a tratar de sumar, de incluír e ampliar a base social: parecera que o inimigo principal é interno, non externo. Semella pouco probable que cun discurso nacional de orixe romántica, e prácticas organizativas pouco flexibles, os nacionalistas galegos consigan alterar a curto prazo a correlación de forzas políticas, para alcanzar a hexemonía social. E sen hexemonía social, nas sociedades democráticas non pode asentar un modelo de organización político-territorial alternativa.

Obras citadas

- Beramendi, Justo. “A función da historia no nacionalismo español.” En *Actas do Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (1992): 125-142.
- . *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais, 2007.
- CIS (Centro de Investigaciones Sociológicas). *Postelectoral de Galicia. Elecciones autonómicas 2016. Estudio nº 3155. Setiembre 2016*. 2016. Disponible en <http://www.cis.es/cis/export/sites/default/-Archivos/Marginales/3140_3159/3155/Es3155_mapa_pdf.html>.
- Chacón Delgado, Pedro José. “El concepto de pre-nacionalismo vasco: definición y crítica.” En *XII Congreso de la Asociación Española de Ciencia Política y de la Administración (AECPA)*. San Sebastián, 13-15 de julio de 2015. Disponible en <<http://www.aecpa.es/uploads/files/modules/congress/12/papers/1062.pdf>>.
- Fernández Pacios, Xoán Ramón. “A historia que nos xulga. O caso de Pedro Pardo de Cela.” *Terra e Tempo* (2011). Disponible en <<http://www.terraetempo.gal/print.php?artigo=1575>>.
- Gellner, Ernest. *Culture, Identity and Politics*. Cambridge: Cambridge University Press, 1987. Traducción española de Alberto Bixio. *Cultura, Identidad y Política*. Barcelona: Gedisa, 1993.
- Hobsbawm, Eric. *Nations and Nationalism since 1780: Programme, Myth, Reality*. Traducción española de Jordi Beltrán. *Naciones y nacionalismo desde 1780*, Barcelona: Crítica, 1991.
- López Facal, Ramón. “La enseñanza de la historia más allá del nacionalismo.” En Juan José Carreras Ares & Carlos Forcadell Álvarez eds. *Usos públicos de la historia*. Madrid: Marcial Pons-Prensas Universitarias de Zaragoza, 2003. 223-256.
- López Sandez, María, Sáiz Serrano, Jorge & López Facal, Ramón. “Educación histórica y competencia lingüística.” En Pedro Miralles Martínez & Cosme Gómez-Carrasco eds. *La educación histórica ante el reto de las competencias. Métodos, recursos y enfoques de enseñanza*. Barcelona: Octaedro, 2018. 15-26.
- Máiz, Ramón. “Nación de Breogán: Oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996).” *Revista de Estudios Políticos* 92 (1996): 33-75.
- . “«España» y «Estado Español» en el discurso político del nacionalismo gallego histórico (1886-1993).” *Historia y Política* 4 (2005): 171-208.
- Schulze, Hagen. *Estado y nación en Europa*. Barcelona: Crítica, 1997.
- Sloterdijk, Peter. *Estrés y libertad*. Buenos Aires: Godot, 2017.